

## **CONCELLO PLENO** **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2015/09  
**CARÁCTER:** ORDINARIA  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 24 de setembro de 2015.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día **24 de setembro de 2015** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

### **Concelleiros presentes**

#### **Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas**

D.Fernando Suárez Barcia  
Dona María Luz Alvarez Lastra  
D. Vicente Castro Reigosa  
D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández  
D.Xosé Farruco Graña Rama  
Dona María Sonia Meilán Vizoso  
D.David Rivas Peña  
Dona María da Paz Ermida Igrexas (excusa)  
D.Jorge Díaz Freije  
Dona Vanesa Yanes Rivas

#### **Por Partido Popular**

D.Jesús López Penabad  
Dona María Rosina Tosar López  
D.José Juan Estevez Fernández  
D.José María Suárez García

#### **Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

D.Roberto Ramos Piñeiro  
D. David Fernández Feijoo

#### **Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**

Dona Marta María Saiz García

#### **Secretario Xeral:**

D.José A. Carro Asorey

#### **Interventor:**

D.Luis R. Vázquez Parga

#### **Técnico de Admón.Xeral.**

D. José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN DE DATA 13 DE XUÑO DE 2015, EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 17/06/2015, EXTRAORDINARIA DE 01/07/2015 E EXTRAORDINARIA DE 27/07/2015.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Don Roberto Ramos Piñeiro do Grupo do PSG-PSOE pregunta polo sistema de aprobación das actas, xa que descoñece o sistema e pensaba que as actas eran literais..

O Sr. Alcalde explícalle como é o sistema e que a redacción depende do estilo de prosa que teña o Secretario, que ademáis se fai de forma sucinta e non literal, pero que todo queda grabado en audio dende fai anos.

Tamén lle explica que as sesións do Pleno non son para enmendar punto por punto as actas anteriores.

O Sr. Ramos Piñeiro di que a súa pregunta era por descoñecemento, non con ánimo de crítica, pero que o sorprendeu porque pensaba que se facía literal.

O Sr. Alcalde dille que literalmente se fai no Congreso, onde se fan constar ata as risas e os aplausos.

O Sr. Secretario di que non ten moito máis que engadir ás explicacións do Sr. Alcalde, que as actas se fan cumprindo cos requisitos que esixe a lei.

Engade que co desenvolvemento das novas tecnoloxías as grabacións que se fan son dixitais, as cales se engaden ao expediente electrónico, polo que o que se fai na acta é un resumo do que se dixo e o literal xa queda reflexado nas grabacións.

Aclara que o recollido na acta é o máis importante do que se dí e que moitas veces non coincide co literal expresado polo intervinte, polo que para asegurarse de que o que se dixo quede reflectido haberá que manifestar que se quere "que conste en acta", pero non decilo constantemente.

Rematada esta pequena deliberación, a Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

**2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2014.**

Por Secretaría dase conta da proposta da Alcaldía obrante no expediente, que se transcribe:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a Conta Xeral do exercicio 2014 do Concello de Ribadeo, xunto con toda a documentación anexa á mesma, elaborada segundo o disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, do 23 de novembro de 2004.

Visto que a mesma foi ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 21/07/2015, e foi exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións durante o prazo marcado no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen que se presentase ningunha, segundo consta no certificado de Secretaría con data 10/09/2015.

Tendo en conta que a Regra 102 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, do 23 de novembro de 2004, no seu apartado cuarto sinala o seguinte:

*“A Aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas”.*

Visto o informe de Intervención emitido sobre a devandita Conta Xeral de data 08/07/2015, e o Ditame da Comisión Especial de Contas emitido con data 21/07/2015, de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014 do Concello de Ribadeo.

**SEGUNDO.** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, que regula o mesmo.”

O Sr. Alcalde explica que xa houbo unha comisión fai tempo, da cal hai un ditame. Dalle paso ao Sr. Secretario para que explique o asunto.

Intervén Dona Marta María Saiz García, do Grupo Municipal Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, e manifesta que nonten nada que engadir

Don Roberto Ramos Piñeiro do Grupo Municipal Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE indica que non poden votar a favor nin en contra porque son descoñecedores de parte dese exercicio, motivo polo cal se absteñen.

Don Jose Juan Estevez Fernandez, do Grupo Municipal do Partido Popular manifesta que o seu voto é non.

Don Vicente Castro Reigosa, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas explica que se trata dun documento contable e técnico que reflicte a contabilidade do exercicio pasado.

O Sr. Estévez Fernández pregúntalle se cumpre todas as normas legais.

O Sr. Castro Reigosa contestalle que si, que está presentada dentro de prazo, que ese é o requisito.

O Sr. Interventor aclara que a formación da conta xeral si está dentro da legalidade.

O Sr. Estévez Fernández reitera que o seu voto e non e indica que vai pedir os oportunos informes por rexistro.

A Corporación, por dez votos a favor (dos membros presentes dos Grupos BNG nove e un do Grupo Mixto), dúas abstencións (dos membros do PSG-PSOE) e catro en contra (do Grupo Municipal Popular), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación de xeito definitivo ao expediente da Conta Xeral do exercicio 2014.

### **3.-EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2015.**

Por Secretaría procédese á lectura do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

#### **PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 02/2015**

En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2015, aínda que se tramita en paralelo tamén o expediente de modificación de crédito 13/2015 para financeiro, para non provocar tensións no remate do ano no orzamento do exercicio:

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Dispoñible	Importe REC	Importe REC
		2015	01/2015	02/2015
1.2	Servizos públicos básicos. Gastos en bens correntes e de servizos	668,336,08	23.226,58	36.988,90
2.2	Actuacións de protección e promoción social. Gastos en bens correntes e de servizos	94.930,96	0,00	16.468,35
2.4	Actuacións de protección e promoción social. Transferencias correntes	47.910,00	0,00	2.056,70
3.2	Produción de bens públicos de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos	155.331,98	2.605,00	12.315,61
3.6	Produción de bens públicos de carácter	420,189,07	2.274,80	0,00

	preferente. Inversións reais			
4.2	Actuacións de carácter económico. Gastos en bens correntes e de servizos	58.430,59	0,00	2.604,64
9.2	Actuacións de carácter xeral. Gastos en bens correntes e de servizos	142.106,96	2.769,20	9.303,12
9.6	Actuacións de carácter xeral. Inversións reais	4.627,58	0,00	617,10
<b>TOTAL REC's 2015</b>			<b>30.875,58 €</b>	<b>80.354,42</b>

Visto e considerando o informe con reparos emitido polo Interventor Municipal de data 14/09/2015

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas e requiridas polo Concello de Ribadeo, foron executadas a satisfacción deste, e os seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado, e non aprobalas suporía un enriquecemento inxusto para esta entidade..

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Resolver os reparos efectuados e aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos nº 02/2015 por importe de **80.354,42 euros**, correspondentes aos gastos de exercicios anteriores que se recollen na relación de facturas nº 35/2015, e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente

**Segundo.-** Aplicar, con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2015 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes, segundo o sinalado na relación de facturas 35/2015, nas que se realizará a correspondente retención."

Logo de deliberación por diferentes membros da Comisión e exposición sucinta por parte do Concelleiro delegado Sr.Castro Reigosa, a Comision por 7 votos a favor (dos membros presentes dos Grupos BNG, PSG-PSOE e Mixto ) e 2 abstencións do Grupo Popular, acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal."

Intervén Don José Juan Estévez do PP que pregunta por qué se modifica este crédito.

O Sr. Alcalde explícalle como se realizan os Plenos, que se fan preguntas e respostas ao final, pero que non é un xuízo, e hai que respetar os turnos dos grupos; que comeza o Goberno explicando, que despois hai un segundo turno e logo a votación. Tamén aclara que cada grupo ten o seu tempo razoable para as súas intervencións.

Don Roberto Ramos Piñeiro do PSG-PSOE di que revisou a documentación e que as explicacións que lle deron na comisión foron claras e que as obxeccións de intervención que houbo non lles parecen moi importantes, polo que o día da comisión votaron a favor.

Explica que agora se van abster polo motivo de antes, xa que son datos do pasado que descoñecen.

O Sr. Estévez Fernández pregunta por que se modifica o crédito.

O Sr. Alcalde dille que iso xa llo explicaron o outro día na comisión informativa.

Don Vicente Castro explícalle que se fai para cubrir todas esas facturas, aplicándose con cargo ao remanente de tesouraría.

O Sr. Alcalde dilles que están a falar do punto seguinte.

O Sr. Castro Reigosa propón debatilos xuntos e despois votalos por separado e estando de acordo todos, continúa a súa explicación; aclara que a modificación de crédito do punto catro se fai para darlle cobertura ao recoñecemento extraxudicial de crédito do punto tres, o cal se fai con cargo a remanentes de tesourería para non desestabilizar o presuposto do próximo ano.

O Sr. Estévez Fernández pregunta se iso o paga o Concello.

Don Vicente Castro dille que sempre se paga con fondos do concello, que neste caso é do remanente de tesouraría de exercicios anteriores.

O Sr. Estévez pregunta de donde sae ese remanente.

O Sr. Castro contéstalle que de resultados positivos de exercicios anteriores e que a lei permite aplicalos para estos casos: pagar facturas de exercicios pechados.

O Sr. Alcalde recórdalle aos membros do Pleno que estos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito son por facturas que, por causas alleas ao Concello, entran en exercicios diferentes ao seu devengo, polo que non se poden apuntar con cargo ao orzamento pasado. Explica que no caso de ter remanente positivo se fai con cargo a el.

O Sr. Estévez Fernández di que quere facer unha pregunta con relación á obra do Parque de San Francisco.

O Sr. Alcalde dille que iso é un recoñecemento extraxudicial de crédito dunhos 80.000 € que afecta a unhas cincocentas facturas e que na comisión informativa xa lles dixeron que tiñan todas as facturas á súa disposición porque están no expediente.

O Sr. Estévez Fernández dí que é o decreto 230

O Sr. Alcalde di que as facturas eran de varios provedores, non dun só.

Don Vicente Castro explica que os recoñecementos extraxudiciais se dan todos os anos porque sempre van entrar facturas fora de exercicio.

O Sr. Estévez Fernández di que isa non é a pregunta.

O Sr. Castro Reigosa dille que o Parque de San Francisco non ten nada que ver con iso porque ten unha partida concreta de inversión dentro do exercicio 2015.

O Sr. Estévez Fernández di que o parque se pasou en 40.000 euros e pregunta quen os vai pagar.

O Sr. Alcalde dille que “ está confundindo o touciño coa velocidade” que se está a falar agora do recoñecemento extraxudicial de facturas e non diso; dille que o parque se fixo en 2015 e que difícilmente puideron entrar facturas do 2014 neste ano, porque non estaba nin adxudicada a obra.

O Sr. Estévez di que ahí hai unha modificación de crédito para o Parque de San Francisco do 4 de maio de 2015.

Don Vicente Castro dille que non ten nada que ver con esa, que é outra diferente, que a do parque é un decreto do que pode preguntar e aclarar no punto para tratar os decretos; que o punto 4 é soamente para tratar a modificación de crédito referente ao recoñecemento extraxudicial de crédito e que cada asunto se debe tratar dentro do seu punto.

O Sr. Estévez Fernández insiste e di que a obra se fixo en maio do 2015 e que a modificación pon o 13 do 2015.

Don Vicente Castro dille que o que pon é modificación de crédito número 13.

O Sr. Alcalde acláralle que é porque en 2015 se fixeron 13 modificacións de crédito por diversos motivos, porque cando se calcula o presuposto despois pode variar según as necesidades do exercicio. Explica que unha modificación de crédito é por exemplo cando calculas que algo che vai custar 100 e logo che ven unha subvencion que cubre 30 deses 100, polo que se fai unha modificación de crédito por ingreso.

A Corporación, por dez votos a favor (nove dos membros presentes dos Grupos BNG e un do Grupo Mixto) e seis abstencións (catro do Grupo do PP e dúas dos membros do PSG-PSOE) en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.

#### **4.-MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 13/2015**

Por Secretaría procédese á lectura do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 13/2015 do Orzamento Xeral do exercicio 2015 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

–€€€€€€€€€€ Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 15/09/2015 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das partidas do Estado de Gastos que precisan aumentarse, que en concreto son as que forman parte do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 02/2015, tendo en conta que a necesidade de maior consignación nas partidas en cuestión provén da obriga de recoñecer as obrigas de exercicios anteriores que se inclúen en dito expediente, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, atendendo ao recollido no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 216.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

–€€€€€€€€€€ Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de oitenta mil trescentos cincuenta e catro euros e corenta e dous céntimos (80.354,42 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2014, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 31/03/2015.

Visto o informe de Intervención emitido o día 15/09/2015 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

–€€€€€€€€€€ Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.

–€€€€€€€€€€ Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril,

de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** - Aprobar con carácter inicial o expediente número 13/2015 de modificación do Orzamento Xeral de 2015 por importe de oitenta mil trescentos cincuenta e catro euros e corenta e dous céntimos (80.354,42 €), na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2014, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

**MODIFICACIÓN NÚMERO 13 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2015 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO OU CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

**SUPLEMENTO DE CRÉDITO OU CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

PARTIDA	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
132.21300	550,00	<b>58,08</b>	608,08
135.20900	0,00	<b>6,12</b>	6,12
151.22199	0,00	<b>1.272,29</b>	1.272,29
153.20300	1.000,00	<b>230,98</b>	1.230,98
153.21000	40.000,00	<b>2.901,48</b>	42.901,48
153.21300	13.000,00	<b>45,85</b>	13.045,85
153.22199	0,00	<b>131,12</b>	131,12
161.22199	0,00	<b>174,24</b>	174,24
162.22100	200,00	<b>31,74</b>	231,74
162.22700	310.000,00	<b>28.610,79</b>	338.610,79
163.21300	7.000,00	<b>8,80</b>	7.008,80
164.21200	2.000,00	<b>60,68</b>	2.060,68
164.22100	550,00	<b>76,65</b>	626,65



170.20400	2.400,00	<b>210,10</b>	2.610,10
170.20900	0,00	<b>592,13</b>	592,13
170.21000	2.000,00	<b>357,75</b>	2.357,75
170.22100	3.800,00	<b>160,26</b>	3.960,26
170.22104	0,00	<b>86,91</b>	86,91
170.22106	300,00	<b>42,20</b>	342,20
170.22700	25.500,00	<b>1.756,68</b>	27.256,68
171.22699	4.000,00	<b>174,05</b>	4.174,05
231.20200	16.100,00	<b>2.632,34</b>	18.732,34
231.20900	0,00	<b>467,52</b>	467,52
231.22100	4.500,00	<b>536,96</b>	5.036,96
231.22300	5.000,00	<b>391,85</b>	5.391,85
231.22799	22.000,00	<b>12.439,68</b>	34.439,68
231.48000	52.800,00	<b>2.056,70</b>	54.856,70
311.22700	4.500,00	<b>327,37</b>	4.827,37
312.20900	0,00	<b>2.634,56</b>	2.634,56
312.21200	4.000,00	<b>155,27</b>	4.155,27
312.22100	16.000,00	<b>1.249,86</b>	17.249,86
321.20900	0,00	<b>958,68</b>	958,68
323.21200	0,00	<b>170,12</b>	170,12
323.22100	12.500,00	<b>1.054,03</b>	13.554,03
326.22300	5.800,00	<b>1.069,10</b>	6.869,10
332.22100	3.000,00	<b>433,25</b>	3.433,25
334.20200	7.400,00	<b>610,71</b>	8.010,71
334.20900	5.000,00	<b>121,52</b>	5.121,52

334.21200	5.000,00	<b>75,00</b>	5.075,00
334.22100	23.000,00	<b>514,64</b>	23.514,64
334.22609	45.000,00	<b>30,25</b>	45.030,25
337.20900	0,00	<b>31,96</b>	31,96
337.22100	4.000,00	<b>665,10</b>	4.665,10
341.22699	2.500,00	<b>108,90</b>	2.608,90
342.21200	12.000,00	<b>627,95</b>	12.627,95
342.21300	1.500,00	<b>60,50</b>	1.560,50
342.22100	25.500,00	<b>1.416,84</b>	26.916,84
431.22100	3.000,00	<b>318,40</b>	3.318,40
431.22610	12.000,00	<b>1.089,00</b>	13.089,00
432.20900	0,00	<b>24,48</b>	24,48
432.22100	6.800,00	<b>711,80</b>	7.511,80
432.22700	5.769,86	<b>143,17</b>	5.913,03
433.22100	4.000,00	<b>317,79</b>	4.317,79
912.22601	9.000,00	<b>83,29</b>	9.083,29
912.22602	4.500,00	<b>532,40</b>	5.032,40
920.20900	0,00	<b>889,53</b>	889,53
920.21200	4.000,00	<b>186,90</b>	4.186,90
920.21300	1.000,00	<b>119,79</b>	1.119,79
920.22000	15.000,00	<b>137,76</b>	15.137,76
920.22100	15.000,00	<b>5.737,20</b>	20.737,20
920.22201	20.200,00	<b>19,48</b>	20.219,48
920.22604	28.000,00	<b>223,85</b>	28.223,85

924.20900	0,00	<b>153,47</b>	153,47
924.21200	2.500,00	<b>39,86</b>	2.539,86
924.22100	4.000,00	<b>183,53</b>	4.183,53
929.22000	800,00	<b>102,85</b>	902,85
929.62500	0,00	<b>617,10</b>	617,10
931.22708	76.000,00	<b>893,21</b>	76.893,21
<b>TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 13/2015</b>			<b>80.354,42</b>

#### FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE

ESTADO DE INGRESOS			
CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	0,00	<b>80.354,42</b>	80.354,42
<b>TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 13/2015</b>			<b>80.354,42</b>

**SEGUNDO.** – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

Logo de deliberación por diferentes membros da Comisión e exposición sucinta por parte do Concelleiro delegado Sr.Castro Reigosa e Interventor municipal, a Comisión por 7 votos a favor (dos membros presentes dos Grupos BNG, PSG-PSOE e Mixto ) e 2 en contra do Grupo municipal Popular, acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Consta a deliberación sobre este asunto no punto anterior.

A Corporación, por dez votos a favor (nove dos membros presentes dos Grupos BNG e un do Grupo Mixto) e seis abstencións (catro do Grupo do PP e dúas dos membros do PSG-PSOE) en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.

#### **5.-FIXACIÓN DE DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA 2016.**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

##### **PROPOSTA DA ALCALDIA**

Examinada a comunicación da Consellería de Traballo – Delegación Provincial- interesando antes do día 30 de setembro de 2015 a notificación coas datas dos DOUS días festivos locais que se sinalen polo Concello para o ano 2016,

Esta Alcaldía

PROPÓN ao Pleno Municipal a adopción de acordo no senso de fixar como **festivos locais para o ano 2016** os días seguintes:

16 de agosto de 2016 (martes) festividade de San Roque (co-patrón de Ribadeo).-

8 de setembro de 2016 (xoves) festividade da Patrona de Ribadeo Santa María do Campo.

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Sen promoverse deliberación, polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º.Prestar aprobación ao ditame de referencia nos propios termos do mesmo.

2º.Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

#### **6.-DACIÓN DE CONTA DA ACEPTACIÓN DA DOAZÓN EFECTUADA POLA VIUVA DE DON DANIEL CORTEZÓN ALVAREZ A FAVOR DESTE CONCELLO SEGUNDO ACTA DE 2 DE SETEMBRO DE 20105.**

Pola Alcaldía dase conta da acta de doazón de libros de D.Daniel Cortezón do seguinte tenor:

**“ACTA DE DOAZÓN-RECEPCIÓN DE LIBROS DE D. DANIEL CORTEZÓN**

En Ribadeo sendo as once horas do día dous de setembro de dous mil quince,

Reunidos

Dunha banda **Dona Matilde GONZÁLEZ GÓMEZ**, veciña de Ribadeo titular do DNI/NIF 33813983-G, viúva de don **D. Daniel Cortezón Álvarez**, asistido do Albacea don **Eladio Brandán HUETE GONZÁLEZ**, titular do DNI/NIF 36135312-N, veciño de Vigo, que actúa tamén como representante e colaborador da supervisión desta doazón.

Da outra D. **Fernando SUÁREZ BARCIA**, como Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ribadeo (Lugo), CIF P2705100B con domicilio social en Plaza de España, nº 1-Ribadeo, en exercicio das facultades que lle confire a lexislación de Réxime Local.

Ambalas dúas partes recoñecense recíprocamente capacidade para a sinatura da presente acta de doazón o que fan en base ós seguintes

### ANTECEDENTES

**D. Daniel CORTEZÓN ÁLVAREZ**, escritor, natural e veciño de Ribadeo, finou o día 4 de outubro de 2009, sendo titular dunha importantísima biblioteca persoal.

Cumprindo a vontade exposta no seu Testamento e no texto que se anexou no seu momento onde explica as razóns para doala ao Excmo. Concello de Ribadeo con destino a Biblioteca Municipal “El Viejo Pancho” a súa viúva, foi entregando ao longo destes últimos anos unha serie de libros da súa pertenza que se atopan depositados nas instalacións do primeiro andar da Casa de “El viejo Pancho” sede da actual Delegación municipal de Cultura na rúa Viejo Pancho núm.12 desta Vila de Ribadeo. Esa primeira doazón foi ampliada con sucesivas entregas a última delas recollida en acta de doazón de data 4 de outubro de 2012.

### COMPROMISOS

**1. Dona Matilde GONZÁLEZ GÓMEZ**, doa novamente de xeito libre e gratuítu ao **Excmo. Concello de Ribadeo**, representado neste acto polo seu Alcalde unha colección de libros composta por 687 exemplares e que corresponden ás obras editadas e inéditas do autor Daniel Cortezón, aos libros que están adicados a él e aos que corresponden ao que él denominaba “La Comunidad Cultural del Eo”, isto é autores das beiras do Eo.

Todos estes libros xa están depositado na Casa “El Viejo Pancho” dende o mes de decembro de 2014. Únese a esta acta nha relación cos títulos dos exemplares.

Será condición indispensable que dita doazón, ao igual que as anteriores deste mesmo autor, figuren como “**Fondo Daniel Cortezón**” e esté instalada sempre **nunha sala independente dos demais fondos da Biblioteca Municipal “El Viejo Pancho”** si nalgún momento precisase cambiarse a súa actual ubicación.

**2. D. Fernando SUÁREZ BARCIA** na súa calidade de **Alcalde-Presidente** do Concello de Ribadeo **acepta a citada doazón gratuítu** para ser destinada ao servizo público nas instalacións de referencia na denominada “Casa de El Viejo Pancho”, sede actual das dependencias da Concellería de Cultura.

**3.-** O Concello comprométese respecto dos libros doados ao mantemento e conservación dos mesmos en adecuado estado para o seu uso polo público en xeral, quedando facultado o

doador, ou o Albacea, para solicitar a devolución dos mesmos e a reversión ao seu patrimonio no caso dunha utilización inadecuada que desmereza os mesmos ou se éstos non se destinaran ao uso previsto.

4. Da aceptación desta cesión gratuíta darase conta ao Pleno Municipal aos oportunos efectos legais.

E para que así conste, asinan a presente aos efectos procedentes os intervinentes, en Ribadeo, no lugar e data *ut supra*, en triplicado exemplar.

Polo Concello, Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA. ALCALDE. Asdo./ Matilde GONZÁLEZ GÓMEZ. DOADORA. Asdo./ Eladio Brandán HUETE GONZÁLEZ. ALBACEA. Ante mín: O Secretario en funcións, Asdo. JOSÉ RODIL VEIGA

A Corporación dase por enterada da doazón de referencia.

#### **7.-EXPEDIENTE PARA DESLINDE DE ANTIGO CAMIÑO PÚBLICO EN CHAO DE OVE.**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“Vista a necesidade de fixar con precisión os límites do camiño público antigo existente na zona de Chao de Ove desta localidade que é de propiedade municipal co obxecto de poder resolver sobre a petición de licenza de obra para construción dun peche de finca colindante no lugar, solicitado por don Maximino López Ribeiro.

Visto informe técnico de data 26 de marzo de 2015 obrante no expediente e de Secretaría de data 21 de agosto de 2015..

Visto informe de Servizos Topográficos TOPCAD Ingeniería obrante tamén no expediente así como orzamento de gastos.

Visto o disposto nos artigos 58, 59 e concordantes do Regulamento de Bens das Entidades Locais,

Esta Alcaldía,

**PROPÓN ao Pleno** a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte acordo

**PRIMERO.** Iniciar o procedemento de deslinde que afecta ao antigo camiño na zona de Chao de Ove

**SEGUNDO.** Notificar aos propietarios das fincas colindantes e titulares doutrosdereitos reais o inicio do expediente de deslinde indicando o día, hora e lugar en que comezarán as labores de deslinde e asimesmo indicando que conforme ao artigo 62 do RB poden presentar ante a Corporación cantos documentos estimaren conducentes á proba e defensa dos seus dereitos ata os vinte días anteriores ao comezo das operacións e informándolles que transcurrido o prazo non se admitirá documento nin alegación algunha, acordando a Corporación o pertinente respecto ás probas e documentos presentados.

**TERCERO.** Publicar a realización do deslinde no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello con 60 días de antelación á data en que se procederá ao inicio dos traballos de deslinde.

**CUARTO.** Fixar como data de inicio dos traballos de deslinde o quinto día hábil seguinte ao remate do prazo de sesenta días previsto para a publicación do anuncio no boletín oficial da provincia de Lugo fixándose o comezo das operacións e o lugar exacto donde se iniciarán.

**QUINTO.** Designar como técnicos da Corporación para practicar as operacións de deslinde ao Arquitecto municipal don Francisco Moreda Gil e aparelador municipal don Luis Menéndez Arbesú.

**SEXTO.** Comunicar o acordo ao Rexistro da propiedade.”

O Sr.Alcalde explica brevemente o contido da mesma.

Intervén o portavoz do PSG-PSOE co obxecto de sianlar que se fala dun informe técnico do deslinde existente no expediente pero que no consta na plataforma agás a primeira páxina polo que rogaría que se incluíse, sinalándose por Secretaría que se non está se cargará na mesma e procedéndose ao exame do mesmo en soporte papel, que obra no expediente, polos membros da Comisión.

A Comisión Informativa, por oito votos a favor ( dos membros presentes dos Grupos BNG, PP e Mixto) e unha abstención do membro do Grupo do PSG-PSOE acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

O Sr. Alcalde abre o turno de debate e di que lle parece que despois da aprobación do punto ten que ir a exposición pública.

O Sr. Secretario explica que ten que ir a exposición, notificarse ao interesados e explica todos os pasos legais procedentes para efectuar o deslinde.

Dona Marta María Saiz, do Grupo Mixto di que non ten máis que engadir.

Don Roberto Ramos Piñeiro, do PSG-PSOE di que o día da comisión faltaba por recibir algunha documentación, que era un informe da empresa que agora xa recibiron e revisaron.

Engade que quere deixar constancia do que xa faloron na comisión, xa que iso afecta a varios veciños; di que hai unhos planos do ano 1956 onde aparece un galpón encima do camiño, que preguntou na comisión se iso tiña licencia de obra, ao cal lle dixeron que si pero que non había acta de replanteo, polo que lle da que pensar o tema en que se poden facer ilegalidades.

Referente á proposta que se fai do camiño manifesta que lle pode parecer correcta pero non pode ter claro que sexa legal nin teñen garantías de que non se vulneren os dereitos dos veciños, polo que se ven obrigados a votar en contra.

Don Jesús López Penabad, do Grupo Popular di que na comisión se constatou que non había acordo entre os veciños, polo que se precisa intervención dun órgano capacitado, e que considera que o Concello é quen ten competencias, polo que vai votar a favor.

O Sr. Alcalde aclara que o que se vai votar é que ninguén ten claro por onde van as liñas do camino, xa que no ano 1956 non había os medios tecnolóxicos actuais, e que non está doado trazalo xa que os expedientes de deslinde se fan en casos moi taxados, polo que agora están a votar luz sobre o asunto e que os afectados poidan aportar probas e xustificacións para delimitar por onde vai o camino definitivamente de xeito claro e correcto.

Referente á licencia do galpón di que é antiga pero que non ten acta de replanteo, pero que iso era tónica antigamente pero non actual, pero que a responsabilidade das actas de replanteo non é do Concello, xa que o propietario da obra debe chamar previamente ao inicio ao técnico municipal para que lle faga o replanteo, polo que se poden dar casos como ese, que pode estar ben replanteado ou non, e que cando se abre un expediente de dominio se fai con todas as consecuencias.

Aclara o Sr. Alcalde que hai algunhos que poden estar ben replanteados e incluso algunhos que nin pediron licencia e que a responsabilidade é do Concello por non vela e do propietario por non pedir a licencia.

Explica que actualmente o que se fai cando alguén pide licencia para muro de peche se lle fai un replanteo previo, deixando un espacio para ampliación dos camiños, pero que pode haber camiños e muros anteriores dos que non hai nada e que se o concello quere ampliar ten que expropiar ou non ampliar.

Rematada a deliberación a Corporación por catorce votos a favor (nove do BNG, catro do Grupo Popular e un do Grupo Mixto) e dous votos en contra do Grupo Socialista, acorda:

1º.-Prestar aprobación ao ditame de referencia nos propios termos do mesmo.

2º.Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

## **8.-PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE ALUMEADO NA PONTE DOS SANTOS**

Por Secretaria dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O ALUMEADO PÚBLICO NA PONTE DOS SANTOS**

A infraestrutura que une Ribadeo con Castropol desde hai 28 anos como estrada convencional, e desde hai 7 anos como autovía, é unha vital obra para a comunicación de ambas as dúas marxes da Ría de Ribadeo. O Ministerio de Fomento, titular da infraestrutura física así como da vía de comunicación que sobre ela pasa (Autovía do Cantábrico A-8), leva varios anos mantendo apagado o alumeado público que debería iluminar as beirarrúas por onde circulan os viandantes cada vez en meirande número.

Isto é así desde que o Concello de Castropol, titular do contador de subministro



eléctrico até aquel entón, decidiu de común acordo co Concello de Ribadeo non seguir aboando os custos derivados dos consumos eléctricos, xa que en ningún caso as administracións municipais serán responsables das infraestruturas de ámbito estatal, máxime cando non existe nin existiu convenio algún que fixase contraprestacións económicas por parte do Ministerio de Fomento.

Desde a entrada en vigor da Lei 27/2013, de 26 de decembro, de sostibilidade e racionalización da administración local, que restrinxe e redefine as competencias das entidades locais contidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, aprobada ademais por este propio goberno estatal, é moito máis claro que antes a imposibilidade de asumir estes custos, posto que o ámbito de actuación dos concellos se limita expresamente a “d) *Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*”; salvo que se delegue expresamente a competencia polo estado acompañada do correspondente financiamento, de acordo cos artigos 27 e 52 da lei de bases, o que nunca tivo lugar.

Existen exemplos ben próximos nos Concellos aludidos nos que estas situacións non se están a dar: Nas rotondas de saída de As Figueiras-saída número 504- e Barres-saída número 501- (Castropol), que si están alumeadas, o Concello de Castropol non satisfai ningunha cantidade económica. Pola súa banda, o alumeadado público que esta na propia autovía A-8 ao seu paso pola parroquia de Vilaselán (Ribadeo), tampouco orixina que o Concello de Ribadeo deba asumir custo algún.

Debemos ter en conta que, aínda que o alumeadado da Ponte dos Santos non estea dirixido especialmente á circulación do tráfico, si que o fai aos peóns e ciclistas que utilizan a beirarrúa. Por riba de todo isto, nestes últimos tempos está a ter o Camiño Norte de Santiago un crecemento exponencial de peregrinos que se ven na obriga de atravesar a Ponte “ás escuras” e moitas veces con enorme perigo, xa que nin o ancho da beirarrúa (escasamente 80 cms.), nin a disposición das reixas de seguridade cumpren as mínimas normas de deseño para a cómoda e segura circulación de peóns.

**Por todo isto o Concello de Ribadeo e Castropol deciden de xeito conxunto dirixirse á Ministra de Fomento para que a chama da cordura alumee de novo e para sempre a Ponte dos Santos e, en consecuencia, o Ministerio da que é responsable, organismo titular da infraestrutura se faga cargo da súa iluminación pública, o que redundará na seguridade das persoas e vehículos que diariamente transitan por esta ponte, nexo de unión entre Galiza e Asturias, e fito importante do Camiño Norte de Santiago.**

Promóvese deliberación explicando o Sr.Alcalde os pormenores da referida proposta.

A Comision,por 8 votos a favor (dos membros presentes dos Grupos BNG, PP e PSG-, PSOE ) e 1 abstención do Grupo mixto, acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Dona Marta María Saiz García do Grupo Mixto manifesta que está de acordo en que Ribadeo e Castropol se unan para pedir a Fomento o alumeadado desta infraestrutura, pero que se Fomento a denega ao mellor se podía falar cos do xacobeo xa que o Camiño pasa por ahí e que podía ser unha alternativa.

Don Roberto Ramos Piñeiro do PSG-PSOE di que xa trataron o tema o outro día e reitera a súa idea de que iso se debe facer.

Don Jesús López Penbad do Grupo Popular opina que o que prima é a seguridade, polo que está de acordo coa proposta.

O Sr. Alcalde valora a unanimidade da corporación e lle parece que é potente, que ogallá tamén sexa así en Castropol para que teña máis forza a proposta e se logre.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación á Proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma.

**9.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA. MOCIONS. ROGOS E PREGUNTAS.**

**MOCIÓNS:**

**DO PSG-PSOE SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO**

**DO PP PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A SINATURA DUN CONVENIO PARA A REPARACIÓN URXENTE DOS VIARIOS DE TITULARIDADE PROVINCIAL.**

**DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA.**

Dase conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia no período comprendido entre o 16 de xuño e o 31 de agosto de 2015.

Interven o Sr. Alcalde que explica que neste caso hai un número elevado porque hai algunos do período anterior e explícales como é a forma na que se leva a cabo o punto de decretos, o seu acceso a eles e aos expedientes relacionados.

Dona Marta María Saiz García do Grupo Mixto pregunta polo decreto 242, que é a sanción ao piso tutelado. Di que quere saber que pasou.

O Sr. Alcalde explica que aquí se da conta dos temas, pero que as contas se rinden antes nos medios de comunicación, pero que lle vai contestar. Manifesta o Sr. Alcalde que houbo unha falta do concello despois dunha inspección de Sanidade da Xunta na que fixeron unha advertencia e que según eles tardaron en cumprir, polo que non lles modificaron a sanción a pesar de cumprir coas obrigas legais impostas.

Expresa o Sr. Alcalde que foi unha medida esaxerada e comenta que ese expediente xa é de tempo, que houbo unha serie de trámites e recursos, pero que ao final houbo que pagar; ademais di que non está claro se foi culpa do concello ou da empresa, pero que o concello a asumeu.

Tamén di que está convencido que no medio disto hai política, aínda que algúen poida pensar que é mal pensado e que iso está relacionado cos 500.000 € que lle debe a Xunta ao Concello, que así llo van descontando.

A Concelleira Sra. Saiz García refírese ao decreto nº 276 da subida catastral, di que ten unha dúbida, que o PXOM se aprobou pero que non está actualizado o catastro e pregunta se despois da actualización do catastro se vai facer outra subida.

O Sr. Alcalde respóndelle que a aprobación do PXOM aínda non tivo ningún efecto sobre nada, pero que no seu momento vai haber que facer unha nova ponencia catastral, a cal non sabe cando vai ser, e que cando se faga vai haber unha nova actualización de valores; aclara que iso non ten nada que ver co PXOM, que os valores catastrais datan do ano 1989, pero que fai tres anos o Ministerio ordeou a todos os Concellos unha serie de subidas porque tiñan ponencias catastrais moi vellas, pero que iso xa non é aplicable ao 2016.

Explica que fai tres anos o Concello aprobou o plan de saneamento financeiro, que se aprobou con eses criterios de ingreso, polo que, para non incumprir o plan do Ministerio de Facenda hai que manter os ingresos, e como hai unha parte que decae do 2015 para o 2016, hai que subir o valor catastral ou o tipo.

Di que cando sexa a nova ponencia catastral os valores catastrais serán superiores aos actuais e para que non haxa subas terán que baixar os tipos.

Aproveita para explicar que tanto neste como noutros concellos, a Dirección Xeral do Catastro está a facer revisións sobre inmobles que non estaban dados de alta, como piscinas, casetos ou ampliacións non recollidas no IBI, polo que a través do “Google Maps” faise unha revisión que incluso poden ter efectos retroactivos.

A Sra. Saiz García pregunta a que se debe o obxecto do decreto 234 sobre contrato de servizos técnicos de área de medio ambiente; di que quere saber que é iso.

O Sr. Alcalde contéstalle que é unha consultoría que substitúe ao técnico que lle expirou o contrato e non podía ser prorrogado, polo que se contratou unha consultoría que da servizo unhas horas á semana.

A Sra. Saiz García manifesta en relación ao decreto 235 e 240 que hai unas discrepancias do Interventor e pregunta que son.

O Sr. Alcalde explícalle que son as nóminas e dille que cando vexa un reparo pode pedir se quere o informe; aclara que hai reparos que veñen de vello, outros que están en vías de resolver e outros que de momento non se dan resolto, como por exemplo cando non había un criterio no reparto da produtividade ou por prazas ocupadas por interinos que non deberían estar permanentemente interinos, pero que a lei non permite cubrilos definitivamente, polo que non se sabe que facer, porque se os botan o traballo queda sen facer.

Explica que tamén hai discrepancias con persoal de medio ambiente ou servizos sociais que datan do pasado, que están indefinidos pero que ao mellor non teñen a praza.

Dona Marta María Saiz di que se da por enterada, que so quería saber a que se refería.

O Sr. Alcalde di que intentan satisfacer no máximo posible ao Interventor.

Don Roberto Ramos, do Grupo Socialista, intervén e manifesta que espera que non sexa habitual mandar máis de cen decretos con catro días de antelación, porque quixera ter pedido documentación e non foi posible.

O Sr. Alcalde destaca que este é dos poucos Concellos onde se mandan os decretos telemáticamente aos concelleiros, facilitando a revisión da documentación.

O Sr. Ramos Piñero di que algunha das súas preguntas xa as fixo a Concelleira Sra.Saiz García pero que vai pedir os expedientes para revisalos, xa que so cos decretos teñen pouca información.

Don José Juan Estévez Fernández do Grupo Popular refírese ao decreto 95 dun obradoiro.

O Sr. Alcalde corríxeo e dille que os decretos comezan no 210.

O Sr. Estévez rectifica e di que é o 1848, que é dun obradoiro de harmonización corporal, do cal supón que se fixo un día e polo que se pagaron 726 €.

Dona Maria Luz Álvarez Lastra, Concelleira de Igualdade e Ensino, dille que está mal informado xa que foi a temporada enteira do ano pasado, de xaneiro ata maio e que eran varios grupos en horarios de mañás e de tarde catro horas á semana. Acláralle que este taller tamen se está volvendo a facer dende a semana pasada e que vai durar ata decembro e indícalle os horarios.

O Sr. Estévez Fernández refírese agora ao decreto 1818 relativo a unha capa de zahorra en Covelas e pregunta donde se fixo esa obra.

O Sr. Alcalde dille que non o sabe e explícalle que non se vai parar o Pleno para ir buscar o expediente.

Indica ao Sr.Concelleiro donde pode atopar no documento o número correcto de decreto, que está no lateral, que se non é imposible saber cal é.

O Sr. Estévez Fernández manifesta que o ten anotado, que non ten o decreto diante, pero que era por si o sabían porque veu unhos camións entrando nunha parcela particular.

Intervén o Sr. Secretario para manifestar que noutros concellos non existe esta fase de tratar os decretos no Pleno, pero que é unha tradición en Ribadeo.

Aclara que os decretos ou resolucións se pasan á oposición porque unha das súas labores é fiscalizar ao equipo de gobernó, polo que antes de existir os medios telemáticos se usaba o pleno para darlle traslado aos decretos e que os vise e fiscalizase a oposición.

Explica que actualmente o que se pretende é que a oposición dispoña de todos os decretos e poder realizar as súas funcións, pero que o Pleno non é o lugar adecuado para esa discusión sobre os decretos; di que o punto de rogos e preguntas sería o adecuado para preguntar dúbidas ou debatir puntos, pero que este apartado é para darlles traslado.

Aclara tamén que esa é a súa opinión. Dilles que non hai por qué fiscalizar exactamente neste Pleno, que o poden facer en posteriores ou por outros medios.

Don Vicente Castro Reigosa, concelleiro de Facenda manifestalle ao Sr. Estévez Fernández que se lle explica máis claramente de que trataba a súa pregunta se busca a documentación

## **MOCIONS**

### **MOCIONS**

#### **1.-DO PSG-PSOE SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO**

O Sr. Alcalde cede a palabra ao voceiro do PSG-PSOE

Don Roberto Ramos pregunta se sería mellor leela.

O Sr. Alcalde contéstalle que unhas veces se fai e outras non, outras que se resume e outras que se comenta, outras que se vai á parte propositiva, etc.

O Sr. Ramos lee o texto da moción que se transcribe:

#### **“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO RIBADEO CON MOTIVO DO REPUNTE DE ASASINATOS AECIDOS NOS ÚLTIMOS MESES.**

A violencia de xénero non é un problema que afecte o ámbito privado. Ao contrario, maniféstase coma o símbolo mais brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo feito mesmo de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

Con ese convencemento naceu a Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Unha lei recoñecida e mesmo premiada como unha das mellores leis de loita contra a violencia cara ás mulleres e que establece un sólido e completo marco legal para a prevención, protección, persecución e castigo da violencia por parte do compañeiro ou ex compañeiro sentimental.

A pesar diso, as mulleres seguen sufrindo violencia de xénero, e o número de asasinatos mantense en cifras arrepiantes. Nos últimos meses, a violencia de xénero segou a vida de mulleres e menores conmocionando a todo o país. A sociedade española padeceu un repunte de asasinatos machistas, convertendo o verán de 2015 nun período tráxico no que se rexistraron o maior número de asasinatos desde 2010.

Unha violencia ante a que non podemos nin queremos permanecer impasibles. Para o PSdeG - PSOE, a igualdade entre mulleres e homes é un principio fundamental. O recoñecemento que fai a Constitución de 1978 de España como un Estado social e democrático de Dereito que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político ten que traducirse na plena consideración das mulleres como suxeitos de dereitos de cidadanía. Con todo, a cidadanía das mulleres aínda non está consolidada e frecuentemente atópase en dúbida. Fronte a isto, é necesario reforzar e promover os mecanismos que a garantan e afasten do vaivén das conxunturas políticas.

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus fillos e fillas xerando e ofrecendo os mecanismos necesarios para conseguilo.

A situación de violencia que sofren as mulleres esíxenos avanzar ata o cumprimento do convenio de Istambul, ratificado por España e que aborda de maneira integral a violencia contra as mulleres. Esíxenos avanzar ata un gran acordo por unha sociedade segura e libre de violencia contra as mulleres que implique a toda a sociedade e ós poderes públicos para bitar desde todos os ámbitos contra a Violencia de Xénero, que non escatime esforzos, medios e recursos.

Por todas estas razóns, o pleno do Concello de Ribadeo aproba a seguinte moción, na que insta ó Goberno a adoptar e promover un Acordo Social, Político e Institucional Contra a Violencia de Xénero para construír unha sociedade segura e libre de violencia contra as mulleres cos seguintes puntos:

1. Repor e dotar suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.
2. Nos orzamentos Xerais do Estado 2016, multiplicar por cinco a partida destinada á Delegación do Goberno para a violencia de xénero.
3. Creación da Unidade de Coordinación contra a Violencia de Xénero en cada Comunidade Autónoma.
4. Dotar dun fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
5. Poñer en marcha dous xulgados especializados en Violencia de Xénero comprometidos, así como o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento mais seguro no seu percorrido xudicial dende o momento no que poñen a denuncia ata o final do proceso.
6. Establecemento de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.
7. Activar de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.

8. Incorporar ó currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.

9. Pór en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.

10. Obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte do órgano xurisdiccional especializado, coma os avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.

11. Ampliar as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Istanbul), que España ratificou.”

Rematada a lectura intervén dona Marta María Saíz Garcia do Grupo Mixto e manifesta que está a favor.

O Sr.López Penabad, do Grupo Popular indica que ese é un tema que hai que erradicar, aínda que non é facil debido a que hai moitas familias e cada unha coas súas particularidades, opina que cando houbo cifras máis favorables foi cando gobernaba o PP e indica que están a favor.

Dona María Luz Álvarez Lastra, como Concelleira de Igualdade e representando ao BNG, agradece que se recoñeza o traballo feito dende o Concello de Ribadeo en colaboración con outras institucións e entidades. Indica que non está de acordo co Sr. López Penabad, que da igual quen esté no goberno, que iso é unha lacra social que hai que eliminar, que as leis están ahí independente de quen goberna.

Opina que se trata dun terrorismo machista e di que despois van falar de cales son as súas propostas xa que, aínda que as leis son moi importantes, houbo unha evolución nas últimas décadas e que hai unhas cifras elevadas, polo que hai moito que modificar e teñen que estar todos unidos para conseguilo.

Explica que levan traballando nese ámbito dende o ano 2015 e di que é o único concello da provincia de Lugo cunha mesa de coordinación institucional contra a violencia de xénero; opina que é unha dimensión moi importante na que teñen que estar representados todos os partidos políticos e profesionais do ámbito; indica que tamén crearon un protocolo de actuación que deben seguir os profesionais e que é algo moi importante.

Di que levan 8 anos facendo as xornadas de abordaxe integral sobre violencia de xénero, formando a máis de 500 persoas.

Tamén convida a todos os partidos políticos a formar parte desa mesa, do Consello Municipal da Muller e a que participen nas xornadas que organizan.

Manifesta que suscriben totalmente a moción do Partido Socialista e sinala que hai moitas leis que son declaracións de intencións, que as modificarían en moitos aspectos que despois vai explicar na segunda volta.

Comenta que nas enmendas que propoñen son asesorados por profesionais e en base ás experiencias vividas polas mulleres do concello: referente ao punto número 1 sobre incremento de partidas orzamentarias propoñen que as axudas para vítimas de violencia de xénero poidan percibirse durante 24 meses, sempre e cando persista a situación e lles sirva para poder saír desa situación e non ter que volver co agresor.

Respecto ao punto número 9 de medidas respecto aos menores, esixen a retirada da custodia a aqueles pais que teñan sentenzas firmes por violencia de xénero; explica que moitos incidentes se deron cando ían ás visitas con seus pais, polo que mentres que esa situación siga e a muller sexa vítima de violencia de xénero hai que retirara a custodia aos pais e considerar ao fillos como vítimas directas, e non colaterais, coas mesmas medidas de

protección que a nai, non ter que ir a esas visitas e ter unha protección moi estricita.

Don Roberto Ramosdi que todos están na mesma liña neste concello e di que o que se está a pedir e que se tomen medidas neste asunto e as medidas propostas polo BNG parécenlle moi oportunas, polo que están de acordo en incorporalas ao seu documento.

O Sr Alcalde indica que ambas propostas se fusionan e que se somete a votación a Moción con esas enmendas, prestándose aprobación á mesma por unanimidade dos membros presentes.

## **2.- MOCIÓN DO PP PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A SINATURA DUN CONVENIO PARA A REPARACIÓN URXENTE DOS VIARIOS DE TITULARIDADE PROVINCIAL.**

Dase conta da Moción presentada polo Grupo Municipal Popular que se transcribe:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR de RIBADEO, a través do seu portavoz, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno, a seguinte

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE LUGO Á SINATURA DUN CONVENIO QUE PERMITA A REPARACIÓN URXENTE DE VIAS DA SUA TITULARIDADE.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Deputación Provincial de Lugo é a responsable de levar a cabo as actuacións pertinentes sobre a rede viana da súa titularidade, respecto da cal a día de hoxe se observa a necesidade de emprender notables melloras.

Máis en concreto, no termo municipal de Ribadeo atópase varias estradas competencia da Deputación de Lugo que precisan dunha reparación urxente, ante a mala situación dos seus firmes e a falta de mantemento dos mesmos, circunstancias que provocan inseguridade e incomodidade para os veciños e usuarios que transitan polas mesmas.

Con especial intensidade estas deficiencias afectan ás vías LU-P5203, LU-P-5204 e LU-P-5205 que comunican as parroquias do interior de Ribadeo, desde Arante, Cedofeita, Santalla de Vilaosende e Couxela.

A importancia destas estradas vén dada porque se trata de vías moi recorridas, con gran afluencia de tráfico e que se convirten na principal vía de saída para estes veciños e de comunicación e entrada á vila de Ribadeo, incluíndo tamén a ponte e o tramo de titularidade provincial ata a rúa Deputación, dotando de veirarúas e así urbanizando un treito xa urbano e zona de entrada de Ribadeo dende as parroquias do interior.

En concreto, estas estradas de titularidade provincial permiten a comunicación dos veciños coa N-640 (saída cara Lugo e Asturias) e a entrada a nosa Vila pola conocida carretera de Vuela, as primeiras discorren por unha zona cun importante potencial agrícola ademais de soportar, polo tanto, tráfico pesado.

A falta de actuación durante anos por parte do organismo responsable, e a pasividade do Equipo de Goberno municipal, tan reivindicativo noutros ámbitos, levou a numerosos veciños a denunciar publicamente o mal estado destas estradas e a esixir actuacións inmediatas.

E por iso solicitamos a consideración da seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

O Pleno da Corporación Municipal de Ribadeo acorda instar á Deputación provincial de Lugo a acometer, dispoñendo dos recursos técnicos e económicos necesarios, o arranxo das mencionadas estradas da súa titularidade emprazadas no noso municipio, de tal xeito que se garanta unha condución máis cómoda e segura, á vez que se fomenta unha mellor

comunicación coas parroquias do interior e o desenvolvemento económico e social do noso Concello.”

Intervén o Concelleiro Sr. López Penabad e di que o PP presentou cinco mocións sobre o tema e di que quere votar a posteriori unha urgente.

Explica o obxecto da súa moción e resume o contido da mesma.

Engade outras dúas estradas que lle parece importante.

Di que eles mesmos foron á Deputación a solicitar o arranxo cando eles levan oito anos gobernando e non fixeron nada.

Explica que iso foi un compromiso electoral, que o concello o goberna o BNG, pero que a Deputación está en mans do PP, polo que solicitaron e apostan polo arranxo dos viais.

Di que a súa proposta é instar á Deputación ao arranxo das estradas mencionadas de xeito que se garanta unha condición máis cómoda e se fomente unha mellor comunicación interior do concello.

Marta María Saiz García do Grupo Mixto inhtervén e manifesta que está a favor do arranxo das estradas, pero que se hai compromiso de arranxo da Deputación que non entende a moción, pero que a pesar diso vota que si.

Don Roberto Ramos, do PSG-PSOE di que tamén está de acordo e que se existe ese compromiso que esperan que chegue o diñeiro, pero que lle parece ben que se faga unha moción recordando iso. Tamén opina que a moción non vai servir para nada.

O Sr. Alcalde está de acordo co exposto por Dona Marta María Saiz, e di que pediron moitas veces o arranxo, que se pode comprobar nas actas e documentación.

Opina que se fose para reparar vías municipais sería lóxico que se dirixisen á Deputación para pedir recursos económicos e que houbo viarios arranxados en época de elección pero moitas peticións tamén previas.

Recoñece que as estradas interiores estaban en mal estado e tamén de outras zonas que tamén son provinciais, pero se realmente é preciso a espoleta de que o Concello lle pida á Deputación que arranxe as súas vías para que sexa efectivo, entón está de acordo en facelo.

O Sr. López Penabad contestalle que aínda que sexa a espoleta é preciso que o pida o Pleno e reitera que foi un compromiso electoral, pero que lles gusta cumprir cas suas promesas.

Sométese a votación a Moción de referencia resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

### **3.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA**

O Sr. Alcalde da lectura ao texto da moción.

#### **MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA**

Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe impelir unha actuación urgente da Unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.

Con efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe na rapina imperialista comandada polos Estados Unidos (EUA). Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.

Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, co inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora



senalan como principal inimigo e utilizan como máis un pretexto para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán.

As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes Países. E o pobo de Iraq, de Afganistan, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga imensa de persoas refuxiadas - fundamentalmente sirias- que escapan da guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais.

Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación desa Unión Europea ao servizo da oligarquía non é resolver o drama humano fin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e migrantes. No entanto, non será esta tipo de medidas as que freen o problema.

Un dos exemplos máis evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se agolpar en condicións penosas nas fronteiras ou achan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.

No entanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atinxe directamente a conciencia dos pobos. A xente, institucións de todo tipo e o nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe internacionalista, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ficar indiferentes nin pasivos. O Bloque Nacionalista Galego (BNG) exige da Unión Europea mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes.

Aliás, o BNG quer denunciar abertamente as políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e defende:

Pór fin á intervención occidental na Siria en apoio dos chamados rebeldes e promover activamente o fin do conflito militar.

A retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente próximo e norte de África.

Respecto á soberanía dos pobos e de resolución política dos conflitos. Unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.

O dereito do pobo Curdo á liberdade e á soberanía e o respecto dese dereito por parte de todos os Estados actualmente ocupantes do Curdistán.

O dereito do pobo palestino á paz e á liberdade no seu propio Estado independente.

A solidariedade internacionalista e a acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.

Consecuentemente, diante da traxedia que estan a vivir as persoas refuxiadas e migrantes, solicitamos do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.

3.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.

4.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

5.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o esta belecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

6.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso concello.

7.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza.”

Intervén Dona Marta María Saiz do Grupo e manifesta que é un tema moi serio, que está de acordo co fondo pero que as fomas lle parecen precipitadas, que debería ser unha forma máis coodinada de arriba para abaixo. Indica que vai apoialo, pero que ve precipitación nas formas.

Don Roberto Ramos Piñeiro, do PSG-PSOE di que van apoiar a moción. Comenta que é coñecedor de que o Concello xa puxo medios para axudar ao refuxiados, pero que non están a ter moito éxito e opina que se debería facer un esforzo económico dende o Concello para facer un apoio efectivo a esa xente. Di que os Servizos Sociais, xurídicos e económicos deberían buscar a fórmula para poder destinar unha partida do presuposto, xa que, se a xente non ten medios para axudar, o esforzó o debe facer o Concello e recortar noutras partidas.

Dona María Rosina Tosar López, do Grupo Municipal do Partido Popular, está de acordo con apoiar aos refuxiados pero que xa presentaran antes unha moción ao respecto que non foi aprobada.

Pregunta se o Concello de Ribadeo está preparado para o acollemento de refuxiados, xa que o Sr. Alcalde dixo un día que recibeu resposta de familias ribadenses para acoller refuxiados e logo outro día sacou un bando decindo que non houbera resposta.

Opina que non é factible ter aos refuxiados no pavillon ou no albergue de peregrinos porque o inverno vai ser duro, xa que o acollemento vai durar máis de 6 meses e hai que estar preparados, tanto na xestión, no traslado, na acollida e na inserción.

Cuestiona onde se vai meter esa xente, cantos van ser e se hai medios. Tamén indica que van votar a favor.

O Sr. Alcalde di que comparte as opinión de todos os que interviron e que están cheos de interrogantes e preocupacións e que as veces non saben nin como van actuar.

Sinala que os pasos que se deron a nivel europeo para adoptar medidas foron a causa do impacto mediático que tivo a traxedia e que os comoveu, aínda que hai moitas mais inxustizas no mundo e Ribadeo non as vai solucionar todas.

Explica que a moción vai xenérica pero que non lle importa debatir o tema do local; di que o que intentan é que cando dende as administracións superiores non se actúa, facer un medio de presión para que se movan e que lles dian información de como vai ser e cantos refuxiados lles envían e por canto tempo para poder coordinarse, e así poder decidir como se vai actuar e xestionar o acollemento.

Indica tamen o Sr. Alcalde que cando se fixo pública a intención de acoller refuxiados houbo moitas chamadas para apuntarse, pero que cando se abreu o rexistro non houbo tanto, pero que algún si que hai; indica que ese mesmo día se apuntou unha persoa pero que outra xente quere saber como van ser as condicións para saber se pode ou non ofrecer a súa vivenda.

Aclara que aínda non saben que tipo de familias se van a acoller, se van ser monoparentais ou con nenos; opina que para poder montar a rede de axuda dende o Concello as autoridades superiores teñen que darlles unha orientación sobre como vai ser.

Explica que pola dignidade das persoas acollidas, salubridade e integracións non se pode usar o pavillon e telos alí un ano, xa que a xente tampouco ven por un tema económico se non escapando dunha guerra, polo que tamén supón que haberá xente que cando remate a guerra queira volver ao seu país e outra que queira quedarse.

Di que dende un espírito fraternal de vez en cando se debería intentar facer algo e que non ten nada que tachar das intervencións dos demáis, que soamente querían poner o seu grao de área, que calcularon que no piso tutelado vai haber sobre 6 prazas libres.

Reitera que son as autoridades con competencias as que teñen que decirlles que perfil de persoas van a enviar para poder actuar con maior precisión, que unha vez que o fagan eles poderan concretar máis a súa rede de contactos que se foi creando.

Dona María Sonia Meilán Vizoso, concelleira de Servizos Sociosanitarios, puntualiza que unha vez aquí os refuxiados terían os mesmos dereitos que os ribadense e se lles podería tramitar unha RISGA, axudas para alugueiros e outros tipos de axudas para familias.

Explica que se precisan 6 meses de estancia para poder tramitar axudas, pero que ao ser refuxiados se podería axilizar para facilitarlles as axudas, polo que nese sentido si existirían medios para acollelos e darlles unha vida digna.

A Corporación municipal, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación á Moción de referencia nos propios termos da mesma.

### **MOCION DE URXENCIA.-**

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR de RIBADEO, a través do seu portavoz, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno, a seguinte

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE LUGO Á SINATURA DUN CONVENIO QUE PERMITA A DOTACIÓN DUN CAMPO DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO NOSO MUNICIPIO**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mal estado de conservación e mantemento no que se atopa o Estadio Municipal Pepe Barrera e unha situación que constatan todos os veciños de Ribadeo, profesionais e afeccionados á práctica do deporte.

As inundacións constantes que sofre, con especial intensidade en determinadas épocas do ano, dificultan ou incluso imposibilitan a súa utilización poñendo de relevo a existencia de problemas estruturais de drenaxe.

Para o Grupo Municipal Popular é moi importante que os nenos do/ noso concello, pero tamén os equipos profesionais, poidan dispoñer dunhas instalacións de calidade que mellorarán a forma de adestrar e xogar.

A construción dun campo de xogo de céspede artificial, serviría para convertelo nunha instalación de referencia para o fútbol no noso concello e para o deporte en xeral, sen esquecer o seu papel dinamizador da economía e da sociedade.

Unhas novas instalacións renovadas permitirán un uso intensivo deste campo durante todo o ano, e tamén de noite ou en condicións de menor intensidade de luz solar, para o cal precisa dunha instalación xeral de iluminación, facilitando así a práctica do deporte en distintas condicións lumínicas.

Non debemos esquecer tampouco que un campo de fútbol con céspede artificial precisa un esforzo de mantemento mínimo e cuns custos moi reducidos, polo que o beneficio é dobre: o campo estará sempre en bo estado, e con menos gastos.

O Grupo Municipal Popular xa trasladou ao anterior equipo de Goberno da Deputación de Lugo, a través dos representantes provinciais populares, a necesidade de que esta

administración se implique economicamente para dotar a Ribadeo das instalacións deportivas coas condicións necesarias para a práctica con calidade do fútbol.

Naquel momento este obxectivo non parecía ser unha prioridade de socialistas e nacionalistas que, a pesares de presumir nos medios de comunicación sobre que a administración provincial que daquela dirixían era unha das grandes defensoras do deporte, rexeitou esta demanda.

Tendo en conta que persiste a mala situación das instalacións do Estadio Municipal Pepe Barrera, así como a necesidade dun novo campo de herba artificial, o Grupo Municipal Popular reitera, facéndose eco das demandas de profesionais e afeccionados, a solicitude de colaboración da Deputación para a construción do campo de fútbol de herba artificial de Ribadeo.

E por iso solicitamos a consideración da seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación Municipal de Ribadeo acorda instar á Deputación provincial de Lugo á celebración dun convenio de colaboración co noso Concello para a dotación no municipio dun campo de fútbol de céspede artificial que contribuirá á mellora das instalacións deportivas do municipio.”

Don Jesús López Penabad do Grupo Popular indica que é sobre o campo de fútbol e xustifica a urxencia porque se presentou na mesma data que a outra moción e pásalle unha copia aos outros grupos.

O Sr Alcalde explicalle xenéricamente aos membros do Pleno cales son as causas polas que se pode presentar unha Moción de urxencia, como se tramita e pásase a valorar a urxencia.

Dona Marta María Saiz García do Grupo Mixto di que preferiría deixala para o próximo pleno, xa que non lle parece urxente.

Don Roberto Ramos Piñeiro, do PSG-PSOE manifseta que lle parece importante pero non urxente e que parece precipitado.

O Sr. Alcalde di que sobre os mesmos puntos, pero que tamén porque son goberno, para el ten que ser un tema serio, xa que na moción piden un campo de fútbol pero non indican onde; explica que o goberno ten que valorar a magnitude economica do que se solicita, ubicación, etc...

Explica que actualmente están embarcados na construción dunha residencia e que quere que se remate, pero que ten incógnitas, que vai avanzando favorablemente pero que ten un límite, xa que hai unha administración, referíndose á Xunta, que lle nega todo ao Concello de Ribadeo. Debido a isto, se o Concello non ten outro tipo de axuda, vai ter que facer unha disposición importante de fondos propios para que funcione a residencia, polo que non van aprobar nada sen saber a que se enfrentan; que cando saiban a que se enfrentan e teñan a información e proxectos o aproban encantados.

Manifesta que aínda están comezando e que hai que ir con calma e acabar os proxectos actuais e que xa haberá tempo de facer un campo de fútbol, pistas de atletismo e outras cousas que ían nos programas, polo que non consideran urxente a moción para cumprir un compromiso político que ía no programa.

Aclara que se a Deputación lle fai caso á súa moción para amañar as estradas xa vai ter que facer unha inversión moi importante e que no momento en que están non hai orzamentos nin para a Deputación nin para o Concello, polo que habería que esperar aos do 2016; reitera que hai que ir con calma, xa que aínda que se aprobase a obra non se realizaría en inverno. Repite que non a consideran urxente.

Don Jesús López Penabaz explica que non ven ao pleno rirse, que cando ven o fai seriamente e que era unha proposta do programa deles. Aclara que a Deputación veu reiterar o seu compromiso para rematar a residencia e que a moción se reforza porque a actual Presidenta da Deputación, cando estaba na oposición, presentou na Deputación unha moción para esa obra, a cal eles consideran necesaria.

Opina que coa actuación dos grupos da corporación están a dificultar a realización da obra e que en Madrid lle fixeron pasar vergoña porque o Ribadeo FC non podía xogar no campo de fútbol.

Recrimínalle ao Sr. Alcalde que califique iso de xenérico e dille que hai que poñer a primeira pedra e comezar, polo que se debe instar á Deputación, que é a súa responsabilidade e que a el lle gusta cumprir esas moción, aínda que parece que non teñan éxito.

O Sr. Alcalde dille se lle parece que un campo de fútbol é algo portátil e que para facer esa obra, ademais de ser en verán, terían que facerse moitos estudos previos e aclarar a magnitude económica.

Opina que a Deputación nos últimos anos se portou ben co Concello, que os auxiliou na residencia e que no que non chegue o paga o concello, pero que ao mellor teñen que volver a recurrir aos recursos da Deputación.

Dille que non lle da vergoña que lle digan que o equipo non pode xogar no campo, se non que lle daría vergoña ter unha residencia rematada e non poder abrila porque lles faltan recursos económicos, polo que non van aprobar a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da Moción é rexeitada por doce votos en contra do tratamento da mesma (nove do BNG, dous do PSG-PSOE e un do Grupo Mixto) e catro a favor (dos membros do Grupo Popular).

## **ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **DO GRUPO MIXTO**

Dona Marta María Saíz García, do Grupo Mixto, formula un rogo para a instalación dunhos puntos de luz na ponte de Feve para os nenos que están alí entrenando, xa que ao mellor a inversión non é moi grande.

Don Vicente Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Facenda dí que xa se iniciaron as obras.

A Sra. Saiz García di que lle parece que todos están a detectar certo bandalismo en certas zonas públicas e privadas, así como carreiras de coches, e pide que se analice a posibilidade de controlar a través de cámaras de vixilancia en algún punto concreto.

O Sr. Alcalde di que iso é practicamente imposible, que xa o dixo ao final do mandato anterior. Explica que pediron unha subvención para poñer cámaras no polígono industrial e que un departamento da Xunta llela chegou a dar, pero que outro departamento ao que tiñan que pedir a autorización non lle la deu, polo que tiveron que devolver a subvención. Aclara que os argumentos da denegación é que non había roubos e que eles incluso dixeron que estarían dispostos a instalar unha barreira e delimitar a zona de grabación, pero que aínda así lles denegaron.

Di que as cámaras vulneran unha serie de dereitos á intimidade.

A Sra. Saiz García do Grupo Mixto pregunta se se podería valorar a posibilidade no caso de que ocorriese algo.

O Sr. Alcalde repite que o argumento da denegación foi que non había roubos, a pesar de haberlles indicado que había carreiras e outras circunstancias perigosas.

A Sra. Saiz García di que recibiu queixas de algún veciño sobre o terreo que hai detrais de

Rafael Fernandez Cardoso, que está abandonado e que os veciños o usan para levar os cans. Pide se lle poden dar algunha utilidade.

O Sr. Alcalde di que ese parque o acondicionaron fai pouco.

Don Vicente Castro di que o uso do parque é usalo como tal e se os usuarios da zona o adican a pasear os cans e facer outras cousas...

O Sr. Alcalde recoda que en algunha ocasión accederon vehículos e houbo que colocar barreiras.

O Sr. Castro Reigosa manifestai que o dito espazo reúne todas as condicións de calquera parque e incluso mellores, xa que ten zona de campo para pasear e esparcirse, pero que a xente non lle da o uso adecuado e xa coñece a problemática dos cans. Aclara que anteriormente tiveran demanda para que adecentaran ese espazo e que unha vez que se fixo a xente non o usou para o que foi feito.

A Sra. Saiz García aclara que non se refería a que non estivese acondicionado, se non a que a xente non lle daba o uso correcto.

O Sr. Castro Reigosa aclara que dende que se amañou a xente non lle deu nunca o uso correcto, nin maiores nin menores.

## **DO GRUPO PSG-PSOE**

Don Roberto Ramos Piñeiro intervén e refírese á páxina web do concello. Manifesta que en teoría é un portal para consultas de documentación e que por exemplo as actas están sen actualizar, que o apartado de subscricións non funciona e que o presuposto colgado está incompleto.

Opina que debería ser un portal onde os veciños poidan consultar a información da corporación, xa que é un acto de transparencia que se posibilite, a pesar de poderse consultar os expedientes fisicamente nas oficinas municipais; reitera que a páxina en xeral está bastante obsoleta e lle parece que non se está a cumprir cos cidadans.

O Sr. Alcalde está de acordo parcialmente e explicalle as causas; di que si hai apartados desactualizados e que o van resolver. Referente ao orzamento di que aparecen parcialmente os capítulos, pero que é un documento moi técnico.

Opina que a páxina é vella, que houbo departamentos que se foron actualizando como a área de turismo e que no resto está obsoleto porque os técnicos lle indicaron que agora xa non é facil actualizala, xa que hai moitos usos e linguaxes de programación da mesma que quedaron obsoletos, polo que teñen que pensar en refacela.

Explica que hai unha parte na que a Deputación non se portou ben; di que traballaron moito tempo para poder cumprir a parte da lei de transparencia, cuio prazo vence este ano, e que ao poder optar entre pagalo o Concello ou a Deputación escolleron a segunda opción; reitera que traballaron moito para adaptarse aos parámetros que require a lei.

Di que cando chegou a campaña electoral aínda non lle puxeran a información na web, chamaron á Deputación para saber porque e déronlles excusas; agora o novo goberno prometeu facelo e queu espera que o fagan, xa que aínda que a web de Ribadeo estea obsoleta esa parte de transparencia vai mellorar moito.

Reitera que é preciso de todos xeitos mellorar a web do Concello, xa que interiormente implantaron procesos electrónicos pero que queren dar o salto para que os veciños tamén poidan acceder.

O Sr. Ramos Piñeiro di que quere facer unha pregunta e que conste en acta: Manifesta que xa a fixo nun dos plenos, cando se aprobaron as dedicacións exclusivas, e que cando fixo a exposición de motivos polos cales votaba en contra da proposta que facía o equipo de goberno, pideu que se explicaran cales eran os custos totais, incluída seguridade social, do salario do alcalde e das dúas novas dedicacións exclusivas, que antes non existían.

Explica que pideu que constara en acta e que non sabe se o equipo de goberno ten obriga de responderlle, pero que quere volver a decilo porque, ao falar de transparencia como o estaba a facer fai un momento, cree que eses datos non se poden dar dunha forma sesgada, porque o soldo bruto non é o custo total final; di que tivo que facer un acto de elucubración e imaxinarse e calcular cales poden ser esos custos comparados cos que tiñan anteriormente; opina que eses custos están escritos en algún lado e que non lle poden dicir que os busque él, que lle parece que é máis fácil que llos dea o equipo de goberno xa que non hai nada que ocultar e que o quere saber él e lle parece que é bo que o saiban os cidadáns, cales eran os custos anteriores e cales son os actuais.

O Sr. Alcalde dille que eles non sesgan ningunha información e que en tal caso o sesgo o colleron do que fan outras administracións superiores para o tema das liberacións e os topes e pon por exemplo cando fixan o salario en funcion dos habitantes, pois que esa cantidade non ven coa seguridade social incluída.

Explica que non ten problema en dar a información e que lle parece que xa está colgada, xa que está reflectida nas actas, pero que non está actualizada a información, polo que ao mellor os datos de xullo non están; reitera que non ten ningún problema en dar a información e que ao mellor non terían críticas se non tivesen a ninguén liberado.

Opina que quen vai valorar o seu traballo é a xente, polo que se verá dentro de 4 anos e que lle gustaría ver aos que critican agora dese lado e ver o que xustifican.

Indica que acepta o rogo de dar a maior transparencia sempre.

O Sr. Ramos Piñeiro reitera que só está a repetir a pregunta do outro pleno e que quere que lle dean a información.

O Sr. Alcalde dille que a información que teñen é a que elaboran os técnicos e que nos decretos, cando se aproban as nóminas, as cifras que se indican son as que lles dixeron os técnicos.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Facenda indica que pode facer unha solicitude por escrito directamente ao departamento correspondente e que xa lle pasan os datos, xa que é máis directo e queda plasmado. Tamén lle di que non hai intención de ocultar datos.

O Sr. Ramos Piñeiro reitera que somente quere a información, que é a segunda vez que a pide e que se a ten que pedir por escrito que o fará..

O Sr. Castro Reigosa dille que se a tivese ahí que se lle facilitaría agora mesmo.

O Sr. Ramos Piñeiro di que xa o sabe e que fará como lle din.

O Sr. Alcalde manifesta que pode facer como queira e dille a toda a oposición que teñen acceso a toda a información, expedientes e contabilidade e que non se ten que facer documentación nova para eles e que se teñen dúbidas que lle pregunten ao interventor ou ao secretario, xa que non pode crearlles documentación nova pero sí ver toda a que teñen e que hai nos expedientes.

O Sr. Ramos dase por enterado e di que buscará a información.

### **DO GRUPO POPULAR.-**

Intervén don Jesús López Penabad e pregunta en relación ao lavado de contenedores do casco urbano e especialmente das parroquias cada canto tempo se fai ?

Don Jorge Diaz Freije, Concelleiro de Limpeza viaria e Xestión de Residuos, dille que se estaba a facer nos contenedores máis afectados, os cales se levaban a Vilaselán, se lavaban e se volvía poñer; explica que a partir do ano que ven haberá un programa de lavado de contenedores.

O Sr. López Penabad, refírese á recollida de plásticos, di que aínda que se poñan bandos a xente non se entera e roga que se faga algo máis de publicidade.

O Sr. Díaz Feije pregunta que plásticos.O Sr. López responde que os de silos.

O Sr. Díaz Freije di que se informaron mediante prensa durante un mes.

O Sr. López Penabad continúa no uso da palabra e manifesta ao Sr. Alcalde que lle roga que os represente, a Ribadeo e a todos os ribadenses, donde ten que estar, que o botaron de menos nos Remedios.

O Sr. Alcalde dille que él representa ao ribadenses con todas as competencias que lle marca a lei; opina que en cuestións mais arbitrarias as reserva para si e di que aos Remedios ten ido e que os anos aos que non lle tocaba ribadeo, como este, non foi, pero que referente a iso vai facer o que considere, que ás veces vai as festas, tomar algo cos veciños ou aos pésames, e que iso está dentro da súa liberdade persoal e que ninguén lle ten que dicir que facer con ela.

Opina que como Alcalde non lle falla aos veciños nas súas funcións, pero que hai veces que non está presente no Concello porque ten que estar noutro sitio e que non é omnipresente, pero que intenta estar en todos os sitios onde pode dentro do que marca a lei.

Indica que se é un rogo o denega e que se era unha pregunta a da por contestada.

O Sr. López Penabad pregunta como está previsto xestionar a residencia de ancianos cando se remate.

O Sr. Alcalde dille que a súa preocupación agora é rematala e que logo se van aclarar coa lexislación estatal e dille que lle pida ao seu portavoz a documentación que asinou, xa que alí está a clave de todo iso, e que se non lla pode mandar ou pedirlla a Beatriz Mato.

O Sr. López Penabad dille que non lle está a contestar.

O Sr. Alcalde afirma que sí lle contesta e remítese ao escrito que unánimemente a Corporación lle enviou á Consellería para motivar o porqué do que pedían se podía cumprir e o porqué do que non se podía. Repite que nese documento ven aclarado todo.

Dona María Rosina Tosar López, Concelleira do mesmo Grupo Popular intervén para manifestarlle ao Sr. Alcalde que cada vez que o seu grupo fai unha pregunta nos Plenos non lle responden do mesmo xeito a se a fixera outro da oposición. Recrimínalle ao Sr. Alcalde que lle acaba de contestar fora de modo ao Sr. López Penabad

O Sr. Alcalde pregunta se iso é un rogo ou unha pregunta.

A Sra. Tosar López dille que é un rogo.

O Sr. Alcalde di que él responde no mesmo tono no que se lle pregunta, que non lle están a preguntar por unha farola ou por un bache, se non por que non vai aos Remedios e que son cousas que trascenden ao persoal e que ao estar nun estado laico non se deben facer



preguntas dese tipo, porque se preguntas dese xeito arríscaste a respostas do mesmo tipo.

O Sr. Alcalde indica que a oposición é dura con él e que él responde como pode, pero que ao levantar a sesión lle vai vir a sorriso á cara e non pensa que teñan nada en contra del.

A Sra. Tosar López repite que pensa que non lle contestan igual ao seu grupo que a outro da oposición, que son con distinto aire e tono. Di que o deixa ahí

O Sr. Alcalde di que tamen o deixa ahí, que non pretende ofender, pero que contesta como considera oportuno, aínda que a veces pode contestar algo mal porque non lle gusta que o toreen.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintetrés horas e cinco minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ ANTONIO CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE